

Nanina Santos Castroviejo

O derradeiro suspiro

Praza.gal, 29 maio 2026.

Conservo, aínda, o sabor do filme de Costa-Gavras *El último suspiro* (*Le dernier souffle*, 2024). O título fala de seu, ese tabú das sociedades “modernas”, a morte. Unha proposta nítida, con abondosa humanidade que no diálogo médico-escritor nos rebotan unha chea de preguntas universais. Nós, en cambio, non queremos falar da cuestión, non queremos tratar da angustia que por veces nos produce, non queremos mencionar a palabra como se, ao facelo, crebáramos o esconxuro e, de par disto, grupos de chalados, boa parte deles riquísimos en cartos, pagan e invisten en biotecnoloxía, investigacións, secretísimas moitas delas, na procura dos tratamentos para alongar a vida ad libitum e demorar o avellentamento.

Mesmo algúns levan a cousa tan lonxe como propagar “a vida eterna”. Non a vida eterna após morte que prometen tantas relixións senón aquí, na terra, aquela vida que nunca ten fin.



Souben, lendo a Antonio Martínez Ron, dunha *Marcha pola Lonxevidade en Madrid en outubro de 2025* promovida por un tal José Luís Cordeiro, enxeñeiro e trashumanista, que camiñaba ao berro de “Morra a morte” porque seica estamos xa en condicións de facer opcional a morte e que o “primeiro humano que vivirá 1.000 anos, xa naceu”. Delirium tremens, desde logo.

Vendefumes uns, como o Dulcámara de *L'elisir d'amore* de G. Donizetti que engaiola a Nemorino para lle vender un elixir que fará caer rendida de amor a Adina, e prohomes das tecnolóxicas e das finanzas outros, que moven e empurran calquera marco da ética. Penso, en ideas moi emparentadas coa

euxénese e con raíces racistas a dios dar. Penso tamén na enorme desigualdade que promoven e espallan, pois moitos dos tratamentos aos que se someten (algúns deles sen beneficio probado), son totalmente inalcanzables aos comúns mortais.

Coa súa obscena riqueza, usan canto poder esta lle proporciona para emitir aos catro ventos como elite empoleirada capaz de seducir persoas non avisadas e pagar científicos de alto nivel e empresas do ramo, para levar a efecto estes seus desexos para estirar as súas vidas e as do seus herdeiros. Nada de mellorar outras vidas que non sexan as súas, nin sequera das persoas traballadoras das súas empresas ou dos seus domicilios. Nada tampouco de non entremeterse nas liñas das investigacións. As pagadas por eles avanzarán máis e mellor aínda que en absoluto sexan as máis necesarias. Hai científicos a moreas cuxo sentido social é cativo e ben logo se venden a quen pague máis.

A febre anti-idade chega aos recunchos máis insospeitados así como a propaganda infinita do saudábel que nos esmaga en cada andel do supermercado e publicidade en calquera trebello, mentindo, ademais, sen medida.



Bryan Johnson nunha imaxe promocional do documental Non morras, de par do seu fillo adolescente con quen fixo un intercambio de plasma, parte dun tratamento ©

E mentres, o vivir diario, coas nosas vidas máis gastadas, con achaques segundo avanza a idade, con dependencias, con enfermidades duras físicas e mentais, coa morte de seres queridos, con finais difíciles, con accidentes laborais e de tránsito... e pouco queremos que forme parte da conversación o último suspiro, a boa morte, a morte digna.

No filme *La Grazia* (2026), Paolo Sorrentino aborda, entre outras cousas, a Lei de Eutanasia. Esta, aprobada polo Parlamento, ten que ser asinada por De Santis, presidente da República Italiana, que mide e pesa as dúbidas, os interrogantes, as presións de igual xeito que cos dous indultos que ten sobre a súa mesa. Unha pregunta recorrente da súa filla e asesora Dorotea, “De quen son os nosos días?” anima a firma da lei uns días antes de finar o seu mandato.

Aquí, custou a posta en marcha do Testamento Vital, Vontades Anticipadas ou Instrucións Previas, vixente desde a aprobación da Lei de Autonomía do Paciente en 2002, e xa non digamos a aprobación da Lei de Eutanasia (Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia, LORE) aprobada no Congreso dos Deputados o 18 de marzo de 2021 con 202 votos a favor, 141 en contra e 2 abstencións, logo de superar os vetos presentados polo PP e por VOX.

Facer o Testamento Vital ou Instrucións Previas é máis que recomendable. Pensamos que nunca imos morrer, que haberá tempo, que xa o faremos, que igual a morte chega paseniño durmírnos nos seus brazos como lle di a morte á rapaza do lied de *Schubert A morte e a doncela* sobre poema do século XVIII de Matthias Claudius.

Ogallá sexa así pero pode non o ser. Pode acontecer calquera cousa que nos deixe sen capacidade de decidir. Quen llo había dicir á miña comadre que leva desde 2010 en coma.

E menos mal que esa lei existe e Noelia Ramírez puido acollerse a ela e, ao cabo, saírse coa súa malia as cangas que a LORE deixa para que por esas fendas se coe o mal, todo o mal dun pai irrespectuoso cos desexos e dereitos da súa filla e uns avogados que montaron un chiringuito para facer cartos baixo o cartel de cristiáns.

Lembro sempre o doutor Luís Montes e agradezo a existencia da asociación Dereito a Morrer Dignamente (DMD).